



IES "Terra de Soneira"

A Gándara, 25, 15129 Vimianzo - Tlf. 881 866 519

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesterradesoneira>

ies.terradesoneira@edu.xunta.es

INSTRUCCIÓN DE MATRÍCULA CURSO 2024/2025

PRAZO DE MATRÍCULA

Do 25 de xuño ao 5 de xullo

O alumnado poderá matricularse nas datas sinaladas na **Secretaría do Centro en horario de 9.00 a 14.00**

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

1. Impreso normalizado de matrícula cuberto
2. Impreso de preferencias de materias
3. Fotocopia do DNI do/a alumno/a
4. **SÓ PARA ALUMNADO NOVO:** Fotocopia do DNI dos seus pais ou representantes e fotocopia do Libro de Familia
5. Dúas fotos tamaño carné co nome e apelidos ao dorso
6. O impreso de transporte de rutas: Marcar a parada correspondente do alumno
7. Autorización cuberta do permiso ou non, da difusión de imaxes dos alumnos nas actividades complementarias e extraescolares
8. Autorización cuberta do permiso para asistir ás Actividades Complementarias que sexan de balde, DENTRO DO CONCELLO DE VIMIANZO
9. Autorización para a comunicación de datos do alumnado para XOGADE.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS PARA TODOS OS DOCUMENTOS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
Finalidades do tratamento	Os datos persoais facilitados a través do presente formulario, así como aqueles outros que poidan recadarse no proceso de matriculación ou no desenvolvemento do curso académico, serán tratados coa finalidade de xestionar a actividade educativa e orientadora e a avaliación do alumnado, e formarán parte do expediente académico de cada alumno/a conservándose de forma indefinida con fins de arquivo. Os datos relativos a categorías especiais detallados no artigo 9.1 do Regulamento xeral de protección de datos que poidan recollese serán tratados tamén, no seu caso, para o exercicio da función educativa e orientadora e conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recadaron.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento obrigaón legal e dunha misión realizada en interese público con base no disposto na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Para a recollida e tratamento de datos non amparados polas referidas disposicións solicitarase a autorización previa do alumnado ou no seu caso dos seus pais/nais/ titores/as, como, por exemplo, no caso do tratamento de imaxes para aquelas finalidades que non sexan estritamente necesarias dentro da actividade educativa.
Destinatarios dos datos	Administracións públicas locais, estatais e autonómicas cando sexa estritamente necesario para o exercicio das súas competencias. Poderanse comunicar así mesmo os datos persoais imprescindibles ás empresas subministradoras de servizos no centro.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ante o/a responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos